

CONSELLO SOCIAL

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# IMPACTO DAS PRÁCTICAS EN EMPRESAS NA INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS NA USC

XANEIRO 2009



# Impacto das prácticas en empresas na inserción laboral dos titulados na USC

Consello Social. Universidade de Santiago de Compostela

Grupo de Análise Estatística

---

# ÍNDICE

1. Introducción

2. Obxectivos e metodoloxía

3. Un resumo dos resultados

4. As prácticas do Consello Social

4.1 Desenvolvemento das prácticas

4.1.1 Duración e xornada

4.1.2 Tipo de empresa

4.1.3 Outros aspectos

4.2 Valoración das prácticas e coñecementos adquiridos

4.3 Traballo despois das prácticas

5. Resultados por titulacións

Anexo: cuestionario.

Bibliografía

# 1. INTRODUCCIÓN

A formación académica recibida polos alumnos na Universidade, sen dubidar da súa importancia para o acceso a un mercado de traballo cada vez máis competitivo, non é suficiente ás veces, polo que se fai necesario incorporar outros elementos que complementen esta formación e acheguen aos universitarios ao mundo laboral.

As prácticas en empresas atópanse xa reguladas dende o *Real Decreto 1497/1981, de 19 de junio* (BOE de 23 de xullo) e o *Real Decreto 1845/1994, de 9 de septiembre* (BOE 8 de outubro), referentes a Programas de Cooperación Educativa. A posibilidade de introducir prácticas externas nas novas titulacións de grado (*Real Decreto 1393/2007, de 29 de octubre por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales*) vén a reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros titulados, enriquecendo a formación dos estudantes das ensinanzas de grado, nun entorno que lles proporcionará tanto a eles como aos responsables da formación, un coñecemento máis profundo sobre as competencias que lles serán necesarias no seu futuro como profesionais.

A estadía nas empresas /institucións dos alumnos é beneficiosa para desenvolver habilidades e destrezas tanto instrumentais (aprender a facer) como persoais (aprender a ser) neste momento de transición ao Espazo Europeo de Educación Superior. Asemade, favorece que o alumno se familiarice con outro tipo de relacións, as económicas (laborais, mercantís...), que son necesarias e poden ser moi frutíferas. Ademais, habitualmente, resúltanlle novidosas porque se diferencian das outras relacións sociais nas que ten estado implicado. En definitiva, as prácticas favorecen que os estudantes universitarios, coñezan de primeira man procesos produtivos que se semellan aos que despois xestionarán ou supervisarán e, co tempo, deseñarán.

O Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela aposta pola permanente mellora das súas actividades, e pola súa adaptación ás novas directrices do Espazo Europeo de Educación Superior. Neste marco, as prácticas en empresas adquiren unha gran relevancia, tanto no aspecto formativo como nos procesos de orientación e inserción laboral así como na vinculación dos estudantes coa súa contorna. Por esta razón, e tendo en conta a experiencia acumulada polo Consello Social da USC nestes últimos anos, un coñecemento en profundidade

dos resultados do programa de prácticas permitirá unha planificación acorde cos requirimentos do novo contexto educativo.

No ano 2005 O Consello Social de USC presentou un primeiro estudo para dar a coñecer as competencias que os titulados universitarios deben posuír para a súa incorporación ao mercado laboral e que deben ser adquiridas no sistema educativo superior, analizando a adecuación dos titulados universitarios ás necesidades de recursos humanos de diversos sectores dende a óptica das Empresas/institucións do Programa de Prácticas de Consello Socias da USC.

Como complemento al estudio anterior o Consello Social da USC pretende agora coñecer o impacto que ás prácticas teñen na inserción laboral dos titulados, pero dende a óptica dos estudantes que realizaron prácticas en empresas dentro do programa de prácticas do Consello Social, durante os anos 2005 e 2006, ademais do valor engadido que aporta a realización das mesmas á formación. Ao referirnos ao papel das prácticas como axente facilitador para o acceso ao mercado de traballo, non estamos só a contemplar a realización das prácticas como vía de acceso ao emprego. O obxectivo deste estudo vai máis aló, pretendendo coñecer a achega das prácticas á formación, tanto en coñecementos como en competencias, dos estudantes das nove titulacións con maior numero de participantes no programa de prácticas do Consello Social. Asemade, este estudo tamén permitiu realizar unha valoración xeral sobre a organización do proceso por parte do Consello Social, para a súa revisión e mellora.

Unha das cifras extraídas é que o 97% dos estudantes que realizaron prácticas a través do Consello Social, recomendarían a outros estudantes da súa titulación que tamén as fixeran. Esta valoración positiva tamén se fai extensiva aos aspectos organizativos e formativos das prácticas, obténdose ademais unha alta porcentaxe de titulados que agora están traballando, que manifestan a súa disposición para titorizar a estudantes en prácticas.

Os anos que transcorreron dende a introducción das prácticas en empresas/institucións teñen demostrado que estas son unha ferramenta de enorme potencial para a formación e a inserción laboral dos titulados universitarios. Todos deberíamos traballar nesta liña e contribuír á empregabilidade dos nosos titulados.

## 2. OBXECTIVOS E METODOLOXÍA

O obxectivo principal deste estudo é dar a coñecer cal é o impacto das prácticas realizadas polos alumnos da Universidade de Santiago de Compostela, a través do Consello Social, na súa inserción laboral.

Este estudo resulta innovador no senso de que, aínda que se soen sinalar as prácticas como un factor importante á hora da contratación, non se afonda sobre o que a realización das mesmas contribúe á formación dos titulados, e se esta achega é realmente un axente facilitador na posterior incorporación ao mercado de traballo. Un coñecemento máis polo miúdo do período de prácticas en empresas e institucións permitirá a revisión do proceso que se está levando dende o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela para a organización das mesmas, permitindo deste xeito a súa avaliación e mellora.

Sobre o colectivo de alumnos que realizaron prácticas durante os anos 2005 e 2006, escolléronse nove das titulacións cun maior número de participantes, tratando de representar ás distintas áreas de coñecemento (Ciencias Experimentais, Ciencias da Saúde, Ensinanzas Técnicas, Ciencias Sociais e Xurídicas e Humanidades), pero tendo en conta as subdivisións establecidas nas dúas últimas nos estudos realizados pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) (ACSUG, 2006 e ACSUG, 2008). Baixo o epígrafe USC, achegamos os resultados obtidos cos datos agregados das nove titulacións estudadas.

As titulacións elixidas son: Administración e Dirección de Empresas, Bioloxía, Enxeñería Química, Filoloxía, Historia da Arte, Psicoloxía, Relacións Laborais, Veterinaria e Xornalismo<sup>1</sup>. Na Táboa 1 achéganse a relación das titulacións obxecto de estudo, así como o número de alumnos que fixeron prácticas durante os anos 2005 e 2006. O tamaño da mostra foi calculado para cada titulación, cun nivel de significación do 95% e un erro máximo admisible do 5%. Baixo o epígrafe “Filoloxía”, inclúense as titulacións de filoloxía da USC: Alemá, Francesa, Galega, Hispánica, Inglesa, Portuguesa e Románica.

---


<sup>1</sup> ADE: Administración e Dirección de Empresas. Enx. Química: Enxeñería Química. H. Arte: Historia da Arte. RRLL: Relacións Laborais.

TITULACIÓN	ALUMNOS EN PRÁCTICAS 2005-2006	MOSTRA
Administración e Dirección de Empresas	570	79
Bioloxía	356	73
Enxeñaría Química	87	45
Filoloxía	38	24
Historia da Arte	197	63
Psicoloxía	233	66
Relacións Laborais	231	66
Veterinaria	103	49
Xornalismo	91	46
<b>TOTAIS</b>	<b>1906</b>	<b>511</b>

**Táboa 1. Deseño da mostra. Titulacións elixidas, número de alumnos en prácticas nos anos 2005 e 2006. Tamaño da mostra ao 95%, cun erro máximo do 5%.**

Na distribución por sexo da poboación, observamos que o 76% dos estudantes que realizaron prácticas a través do Consello Social (nos anos 2005 e 2006) son mulleres. Esta distribución tamén se reflicte na mostra, aínda que cunha porcentaxe lixeiramente máis elevada (78% de mulleres enquisadas). A porcentaxe máis alta de mulleres aparece nas Filoloxías (92,11%) mentres que a porcentaxe máis alta de homes que realizaron prácticas correspóndelle a Enxeñaría Química (36,78%). Na Figura 1 amósase a distribución por sexo (dos estudantes que realizaron prácticas a través do Consello Social) para todas as titulacións consideradas. Se observamos os datos de alumnos matriculados nestas titulacións durante o curso 2005-2006 (véxase Táboa 2), o número de mulleres matriculadas é superior ao de homes en todas elas. Con todo, a distribución non é semellante á dos alumnos en prácticas, indicando que son as mulleres as que optan en maior medida por realizar prácticas a través do Consello Social. Esta comparativa debe realizarse con cautela dado que non tódolos alumnos matriculados poden acceder ás prácticas, como se comentará posteriormente, e pode que outros xa as realizaron

en cursos anteriores. A distribución por ano de realización das prácticas pode verse na Figura 2.



**Figura 1. Distribución por sexo dos alumnos en prácticas nos anos 2005 e 2006.**

A enquisa realizouse a través de chamadas telefónicas, fixando un máximo de cinco chamadas por individuo, en distintas franxas horarias. No caso de non poder contactar co seleccionado, este substituíuse de xeito aleatorio (dentro da súa titulación, sexo e ano de realización das prácticas, de ser posible). A labor de campo foi realizada por Callcenter, Centro de Atención de Llamadas S.A., entre o 1 e o 4 de abril de 2008. O cuestionario empregado pode consultarse no Anexo deste volume.

	%Mulleres	%Homes
<b>ADE</b>	54,60%	45,40%
<b>Bioloxía</b>	66,64%	33,36%
<b>Enxeñería Química</b>	62,48%	37,52%
<b>Filoloxía</b>	77,00%	23,00%
<b>Historia da Arte</b>	73,62%	26,38%
<b>Psicoloxía</b>	82,12%	17,88%
<b>Relacións Laborais</b>	67,05%	32,95%
<b>Veterinaria</b>	66,29%	33,71%
<b>Xornalismo</b>	75,05%	24,95%

Táboa 2. Distribución por sexo de alumnos matriculados na USC durante o curso 2005-2006, nas titulacións consideradas.




Figura 2. Distribución por ano de realización das prácticas.

A normativa vixente para a realización das prácticas do Consello Social sinala que poderán realizar prácticas todos aqueles alumnos que teñan superado, cando menos, o 50% dos créditos da súa titulación. Dado que os datos foron recollidos no 2008, o 78% dos enquisados xa estaban titulados no momento da realización da enquisa, se ben se atopan diferenzas en función das titulacións (véxase Figura 3). A opinión destes enquisados, no caso de que estean traballando, é de suma importancia xa que aportan unha visión da importancia e utilidade das prácticas no desempeño da súa labor profesional.




Figura 3. Porcentaxes de titulados na mostra.

Nas seguintes seccións, comezaremos aportando un resumo dos principais resultados obtidos neste estudo, pasando despois a unha descrición das prácticas que realizan os alumnos a través do Consello Social, atendendo a aspectos como o tipo de empresa/institución, a labor de titorización, a valoración das prácticas e se estas derivaron nunha oferta de traballo.

Posteriormente (Sección 5), inclúese unha análise máis polo miúdo resaltando diferenzas entre as titulacións consideradas no estudo.

## 3. UN RESUMO DOS RESULTADOS

---

### RESUMO DE RESULTADOS

---

A duración media da primeira práctica é de 3 meses, e de pouco máis de 2 meses, no caso da segunda.

Os estudantes convalidan unha media de 9,26 créditos pola realización das prácticas do Consello Social.

Os estudantes traballaron unha media de 6 horas diarias, nun horario que no 95% dos casos coincidía co pactado na concesión das prácticas.

O 18% dos estudantes recibiron algún tipo de remuneración, gratificación ou axuda pola realización das prácticas.

O 65% dos alumnos realizan as prácticas no Sector Privado, un 29% faino no Sector Público e un 6% en organizacións sen ánimo de lucro.

O 48% dos estudantes realizan prácticas en empresas de menos de 10 empregados.

Os estudantes que realizaron prácticas consideran que estiveron integrados, dende un punto de vista humano, na empresa durante a realización das prácticas. Ademais, tamén consideran que estas eran acordes ao perfil da titulación.

A capacidade de traballo e a capacidade para as relacións son os aspectos máis valorados pola empresa durante as prácticas.

Tamén consideran que as prácticas contribuíron en grande medida a ampliar os seus coñecementos prácticos e a potenciar a súa capacidade de adaptación, de traballo en equipo e a capacidade para as relacións.

---

O 22% recibiu unha oferta de traballo por parte da empresa ao rematar as prácticas. Deles, un 61% aceptou a oferta. O 50% dos que rexeitaron a oferta, fixérono para rematar os seus estudos.

O 97% recomendaría aos estudantes da súa titulación que realizaran prácticas en empresas e institucións.

O 86% dos enquisados que traballan estarían dispostos a titorizar a algún estudante en prácticas.

O 41% considera que as prácticas que realizaron gardan moita ou bastante relación co seu traballo actual. O 46% consideran que os coñecementos adquiridos son importantes para o desempeño dese traballo.

O 96,95% está traballando, e un 15,85% faino na mesma empresa na que realizou as prácticas.

O 81% está satisfeito ou moi satisfeito co titor que se lle asignou, mentres que un 73% presenta unha satisfacción alta coa empresa ou institución na que realizou as prácticas.

O 76% afirma estar satisfeito ou moi satisfeito coas prácticas do Consello Social.

---

## **4. AS PRÁCTICAS DO CONSELLO SOCIAL**


Nas seguintes seccións achéganse os resultados da enquisa realizada, atendendo aos distintos aspectos relacionados co desenvolvemento das prácticas, os coñecementos adquiridos durante a realización das mesmas e a valoración que os estudantes fan a posteriori da súa experiencia. Tamén se considerou interesante analizar a situación laboral dos estudantes que realizaron as prácticas do Consello Social durante os anos 2005 e 2006 e que hoxe xa están titulados.

As análises que se achegan a continuación son para a totalidade da mostra considerada (ver Sección 2. “Obxectivos e metodoloxía”). Para unha análise polo miúdo, referente a cada unha das titulacións, véxase a Sección 5.

### **4.1 DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS**


#### **4.1.1 Duración e xornada**

Os meses elixidos polos alumnos para a realización das prácticas son os do terceiro trimestre do ano, como se pode observar na Figura 4, se ben se presentan algunhas diferenzas por titulacións, como se poderá observar na Sección 5.



**Figura 4. Mes de realización das prácticas do Consello Social.**

Os meses de Xullo a Setembro son os preferidos polos alumnos da USC para realizar as prácticas (entre un 39% e un 55%). Nestes meses é cando as clases ou os exames interfíren menos no horario laboral, polo que cabe esperar que sexa esta época a máis adecuada. Con todo, ao coincidir co período vacacional, podería pensarse que a titorización dos alumnos non sexa óptima, ou incluso que se utilice aos alumnos en prácticas para cubrir vacacións do persoal. Estes dous aspectos son tamén analizados na enquisa (véxase Sección 4.1.3 e Sección 4.3).



**Figura 5. Duración media das prácticas do Consello Social, en semanas, para a USC.**

Tamén se solicitou que contestaran a algunhas das preguntas diferenciando entre a primeira, segunda ou terceira práctica que fixeron. Tan só un 8,8% dos alumnos fixeron unha segunda práctica, e menos dun 1% chegaron a realizar unha terceira. A duración media das prácticas é de tres meses, no caso da primeira práctica, de dous meses para a segunda práctica, e dun mes no caso da terceira práctica (Figura 5). Inclúese aquí a duración da terceira práctica, aínda que noutros puntos da análise tivéronse en conta unicamente as dúas primeiras, dada a escasa representatividade da terceira.

Os estudantes convalidaron unha media de 9,26 créditos coa realización de prácticas do Consello Social. Todas as titulacións seleccionadas neste estudo teñen unha carga docente de 300 créditos (agás Relacións Laborais, que ten 193 créditos) para a obtención do título, dos que un 10% son de libre elección (19,5 créditos para Relacións Laborais). Segundo a normativa establecida para a regulación das prácticas, os créditos recoñecidos son atribuíbles á parte de libre elección, de maneira que os alumnos poden cursar un terzo da libre elección a través da realización de prácticas.

No tocante á xornada laboral, durante as prácticas externas, os alumnos en prácticas traballaron unha media de 6 horas ao día. Tendo en conta que a maioría dos alumnos escollen os meses de verán para facer as prácticas, e que é nestes meses cando moitas empresas reducen a súa xornada, podemos concluír que os alumnos da USC que fan prácticas traballan as horas correspondentes á xornada habitual dos traballadores.

O horario de traballo coincidía co pactado nun primeiro termo (Figura 6) no 95% dos casos. Facendo a diferenza, no número de horas traballadas ao día, por coincidencia ou non co horario pactado, o resultado para a USC non cambia moito. En ambos grupos os alumnos traballan case 6 horas ao día (Figura 7). Nesta análise apréciase algunha diferenza por titulación, como se verá na Sección 5.






Figura 6. Coincidencia do horario co pactado na adxudicación das prácticas do Consello Social.



**Figura 7. Media de horas traballadas ao día, segundo coincidencia do horario co pactado na adxudicación das prácticas.**


Os alumnos que recibiron algún tipo de gratificación económica pola realización das prácticas (Figura 8) é tan só do 18%, de maneira que un 7,53% percibiu unha *remuneración mensual*, un 6,94% obtivo unha *gratificación final* e o 3,32% restante recibiu *axuda*, para transporte ou dietas.



**Figura 8. Remuneración ou gratificación recibida pola realización das prácticas**

Preguntouse tamén pola contía da remuneración recibida. A resposta referíase á contía mensual, cando a remuneración percíbíase cada mes de prácticas, e ao total percibido nos demais casos.

No referente á remuneración mensual (Figura 9), obsérvase que o 56,33% percibiron unha remuneración entre 250€ e 499€, o 43,38% recibiu menos de 250€, mentres que a porcentaxe de alumnos en prácticas cuxa remuneración foi maior de 500€ non chega ao 1%.



**Figura 9. Contía da remuneración mensual recibida.**

As Figura 10 e Figura 11 recollen as contías totais recibidas no caso de gratificación final ou axuda. Obsérvase que para o 63,19% dos alumnos, a gratificación non supera os 250€ e no 26,69% dos casos varía entre 250€ e 499€. No tocante ás *axudas* para transporte ou dietas, o 94,11% dos alumnos non recibiu máis de 250€.




Figura 10. Contía da gratificación final (total) recibida.




Figura 11. Contía da axuda (total) recibida.

Tendo en conta que a contía pola que se preguntou aos enquisados fai referencia á práctica de maior duración, para aqueles que realizaron varias, é posible facer unha aproximación á contía recibida por semana, segundo o tipo de remuneración. Na Figura 12, onde se amosan os valores medios, pode observarse que o tipo de prácticas mellor pagadas son as de *remuneración mensual*, os estudantes perciben 76,40€ por semana traballada. Entre a *gratificación final* ou *axuda* non hai case diferenzas, resultando entorno aos 28€/semana.




Figura 12. Contía media en euros por semana traballada, por tipo de remuneración.

A Táboa 3 resume o tipo de remuneración que perciben os alumnos e a súa contía media por semana traballada.

	% de enquisados	€/semana traballada
Remuneración mensual	7,53%	76,40€
Gratificación final	6,94%	27,70€
Axuda (transporte, dietas...)	3,32%	28,47€
Non recibín	82,21%	--

Táboa 3. Tipo de remuneración e contía semanal recibida pola realización de prácticas.

## 4.1.2 Tipo de empresa

Na Figura 13 amósase a porcentaxe de enquisados por tipo de empresa na que realizaron as súas prácticas. Como se pode observar a gran maioría fai as prácticas nunha empresa do *sector privado* (65,08%). Os *Concellos* concentran o 9,28% dos alumnos da USC en prácticas. Malia que a propia Universidade oferta prácticas, tan só un 2,05% dos alumnos optaron por esta opción.

A Figura 14 resume os resultados anteriores, permitindo comparar o 29,26% de estudantes que fan a súas prácticas no *sector público* co xa citado 65,08% que as fan no *sector privado*. As *organizacións sen ánimo de lucro* facilitan prácticas a un 5,66% dos enquisados.

## Impacto das prácticas en empresas na inserción laboral dos titulados na USC

Consello Social. Universidade de Santiago de Compostela

Grupo de Análise Estatística




Figura 13. Tipo de empresa na que realizaron as prácticas, resultado para USC.





Figura 14. Sector no que realizaron as prácticas, resultado para USC.

Como característica do tipo de empresa na que os estudantes da USC realizan as prácticas organizadas polo Consello Social, preguntouse polo número de empregados da empresa, en total e no centro onde realizaron a súa estancia. Esta medida ten en realidade relevancia en relación ao sector privado. Como, ademais, a maioría das prácticas realizáronse neste sector, as seguintes análises refírense tan só as prácticas que os enquisados fixeron no sector privado.

A Figura 15 recolle a distribución das prácticas realizadas no sector privado por número de empregados da empresa. Preto da metade (47,95%) dos enquisados fan as prácticas en empresas pequenas (de 1 a 9 empregados), case unha cuarta parte (23,71%) en empresas de 10 a 49 empregados e tan so un 9,75% en grandes empresas, con *máis de 250* empregados.



**Figura 15. Número de empregados da empresa na que realizaron as prácticas, dentro do sector privado.**

Os alumnos realizaron as súas prácticas en centros con menos de 10 empregados (89,62%), mentres que case un 10% estivo en centros que tiñan entre 10 e 49 empregados. No resto das empresas, clasificadas por número de empregados (Anexo I), as porcentaxes son desprezables.

### 4.1.3 Outros aspectos

Na maioría dos casos, un 64,18% (Figura 16), as prácticas son de adjudicación directa. Neste caso, os estudantes poden propor a realización de prácticas nunha empresa ou entidade (sempre e cando non exista un convenio coa USC) e tendo en conta que esta non poderá estar participada, dirixida ou administrada polos estudantes ou por algún parente. Neste punto obsérvanse diferenzas salientables entre as distintas titulacións (véxase Sección 5). Este feito pode estar a reflectir dúas situacións, que non é posible separar á luz do presente estudo. Por un lado, o interese que a realización de prácticas externas esperta no alumnado da USC, xa que eles mesmos buscan as súas propias estancias. E por outro, a facilidade coa que as empresas acollen aos alumnos das distintas titulacións, ou coa que os alumnos encaixan nas empresas.




Figura 16. Porcentaxe de prácticas de adjudicación directa, por titulacións.

Na normativa que rexe as prácticas é obrigada a figura dun titor responsable na empresa para o desenvolvemento das prácticas. O traballo dos estudantes está supervisado directamente polo titor no 67,03% dos casos. Dita labor é deixada en mans dos compañeiros para un 13,60%, mentres que tan só un 2,57% afirman non ter recibido a supervisión de *ninguén* na empresa (Figura 17).




Figura 17. Labor de titorización da empresa.




Figura 18. Estudos do titor na empresa.

Preguntouse tamén polo tipo de formación que tiña a persoa encargada da titorización na empresa (Figura 18). O titor posúe *estudios universitarios superiores* no 79,10% dos casos.

O tipo de departamento no que os alumnos da USC realizaron as prácticas do Consello Social é, no 31,14% dos casos, o de *Contabilidade, financiamento, fiscal,...* Un 26,56% sinala *outros* departamentos e un 18,77% o departamento de *Documentación*. A análise destes datos por titulacións deixa ver as peculiaridades propias de cada unha, revelando os departamentos ou áreas da empresa máis afíns a cada titulación analizada (ver Sección 5).




Figura 19. Departamento no que realizaron as prácticas.

### 4.2 VALORACIÓN DAS PRÁCTICAS E COÑECEMENTOS ADQUIRIDOS

As prácticas en empresas e institucións deben considerarse parte do programa formativo dos estudantes, xa que no contexto do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), as prácticas contémlanse dentro dos programas das novas titulacións, tanto de grao como de máster. O seu principal obxectivo non é simplemente a adquisición de coñecementos (eminentemente prácticos), se non que os alumnos potencien as competencias tanto xenéricas como específicas, que deben adquirir durante os seus estudos.

O novo enfoque da formación que se quere dar co EEES, baseada en competencias académico-profesionais, pretende responder a tres cuestións fundamentais: *que debe saber, que debe saber facer e como ten que saber ser e estar un titulado*. É sobre todo nesta última parte onde as prácticas en empresas e institucións xogan un papel importante.




Figura 20. En que medida as prácticas che axudaron a adquirir ou potenciar as seguintes competencias. Valoración media. Escala de 1 (nada) a 5 (moito).

Os alumnos que realizaron prácticas valoran positivamente a adquisición *de coñecementos prácticos* relacionados coa súa titulación, como complemento aos coñecementos teóricos aprendidos nas aulas. En relación ao *saber estar*, a *adaptabilidade*, a *capacidade de traballo en equipo* e a *capacidade para as relacións* son as competencias que os alumnos potenciaron máis durante as prácticas (véxase Figura 20). A adquisición destas competencias participativas e de relacións interpersoais son tamén altamente valoradas polos empregadores. Por exemplo, no estudo levado a cabo polo Consello Social para obter a visión das prácticas dende a empresa (Consello Social, 2005), os empresarios valoraban positivamente a capacidade de aprendizaxe e a capacidade de traballo en equipo dos titulados. Dirixido a un colectivo máis amplo, o estudo sobre demanda de titulados por parte das pequenas e medianas empresas galegas (ACSUG, 2007) tamén presenta resultados nesta liña.

Aínda que os estudantes en prácticas deben ser considerados como persoal en formación dentro das empresas e institucións que os acollen, esa experiencia tamén debe supoñer para eles un primeiro achegamento ao mundo laboral. É por iso que tamén resulta interesante coñecer a percepción que tiveron eles do seu paso pola empresa, no tocante aos aspectos da súa formación e das súas aptitudes que lles foron valorados. Tal e como se pode observar na Figura 21, consideran que a empresas valorou, sobre todo, a súa capacidade para as relacións e a súa capacidade de traballo. Os *coñecementos de idiomas* son o aspecto menos valorado, feito que vén a concordar cos resultados obtidos no anterior estudo do Consello Social, onde o coñecemento de idiomas resultaba tamén como menos valorado. Este feito probablemente atope explicación no tipo de empresas onde fixeron as prácticas os alumnos.




Figura 21. En que medida valorou a empresa os seguintes aspectos. Valoración media. Escala de 1 (nada) a 5 (moito).




Figura 22. Valoración dalgúns aspectos sobre a realización das prácticas. Valoración media. Escala de 1 (nada) a 5 (moito).

O ambiente e as condicións nas que se realizaron as prácticas tamén proporcionan unha información importante dado que poden condicionar a percepción da formación e utilidade adquiridas por parte dos estudantes no seu transcurso. Cabe destacar que os alumnos consideran que o traballo realizado durante as prácticas aportou valor á súa carreira profesional (3,92 nunha escala de 1 a 5). Ligado ao que comentabamos anteriormente sobre a importancia da capacidade para as relacións interpersoais, tamén valoran moi positivamente a súa integración na empresa, tanto dende o punto de vista profesional coma humano. Tanto o lugar de traballo (4,32) coma o material (4,12) do que dispuxeron para as prácticas resultaba adecuado. Un aspecto chave, a coherencia das prácticas co perfil da titulación, tamén se valora positivamente (4,05). Todos estes resultados achéganse na Figura 22.




Figura 23. Valoración dalgúns aspectos sobre a realización das prácticas.

### 4.3 TRABALLO DESPOIS DAS PRÁCTICAS


Dado que o obxectivo principal deste estudo é determinar o impacto que tiveron as prácticas na inserción laboral dos titulados na USC, resulta necesario coñecer cal é a súa situación actual: se continúan estudos ou están traballando. No caso de que xa estean traballando, é importante obter información sobre a influencia das prácticas no proceso de busca de emprego, así como no desempeño do seu traballo.



**Figura 24. Interese en conseguir un traballo ao realizar as prácticas.**


O 47,61% dos estudantes non tiña interese en conseguir traballo na empresa ou institución onde realizou as prácticas, como se pode ver na Figura 24. Este dato podería amosar dous tipos de problemáticas: unha a falta de sintonía entre as prácticas ofertadas e as expectativas de traballo do demandante, e a outra, que o interese do estudante en prácticas non fose o incorporarse directamente a mundo laboral. Para unha mellor comprensión deste desinterese por ingresar na empresa pode verse diferenzas salientables cando a resposta se analiza no estudo por titulacións (véxase Sección 5).

Como se pode ver na Figura 25 só a un 21,65 % dos estudantes, a empresa ou institución onde realizaban as prácticas ofreceulles un posto de traballo.



**Figura 25. Porcentaxe de enquisados os que a empresa lle ofreceu un posto de traballo ao rematar as prácticas e que o aceptaron.**

Entre os alumnos en prácticas aos que se lles ofreceu un traballo, a maioría o aceptaron (61,41%). Dos que o rexeitaron, o motivo principal era o ter aínda pendente o *rematar os estudos da titulación* como pode observarse na Figura 26.



**Figura 26. Motivos para rexeitar o traballo que lles ofreceu a empresa.**

Como xa se comentou anteriormente, a maior parte do alumnado que rexeitou a oferta de traballo da empresa onde estaba realizando as prácticas fíxoo para rematar os estudos. Entre as respostas citadas, non aparece a opción “o posto requiría unha cualificación inferior ao título” (que si figura como posible), ningún enquisado a elixiu. Isto podería indicar que efectivamente só se ofertaron empregos acordes á titulación do demandante; ou que, aínda que a oferta proposta fose dun traballo que requirira unha menor formación, foi igualmente aceptada.

Dos que non recibiron unha oferta de traballo por parte da empresa na que realizaban as prácticas, un 41,53% considera que non existía intención por parte da empresa de crear o posto de traballo que ocupaba. Destaca a alta porcentaxe que elixe a contestación a existencia doutros motivos para que non se lle ofertase traballo (33,13%), o que da pé a indagar con maior profundidade, en futuros estudos, cales poderían ser estas. Tamén é de resaltar que menos dun 2% responden que a falta de oferta laboral por parte da empresa estivese motivada pola insatisfacción da empresa co traballo realizado polo estudante (véxase Figura 27).





Figura 27. Motivos polos que a empresa non lles ofreceu un posto de traballo




**Figura 28. Porcentaxe de alumnos que volveron contactar coa empresa para conseguir un traballo.**


Unha vez rematada a titulación, como se observa no gráfico de sectores da Figura 28 só un 18,69% dos estudantes volven a contactar coa empresa na que fixeron prácticas. Esta baixa porcentaxe está altamente correlacionada cos datos das respostas anteriores, xa que por unha parte só a un 21,65% a empresa lles ofrecía un futuro traballo e dos que tiveron unha oferta, rexeitárona un 38,59% .

Un 97,11% dos alumnos recomendarían a outros estudantes a realización de prácticas externas durante os estudos. Esta alta porcentaxe deixa claro que os alumnos si que consideran positiva a realización das prácticas como labor formativa, independentemente do seu grao de satisfacción pola propia experiencia.

No tocante á situación actual, un 96,95% dos estudantes que fixeron prácticas durante o 2005 e o 2006, están hoxe traballando e un 15,85% faino na empresa onde realizou as prácticas, mentres que un 8,43% conseguiu o seu traballo actual a través dos contactos establecidos durante a realización das prácticas externas (Figura 29). Con todo, un 40,85% buscan outro traballo (Figura 30). Esta porcentaxe pode ter unha dobre lectura: por unha banda é positiva a mobilidade do posto de traballo se con ela se consegue unha mellora no emprego (situación común noutros países con baixas taxas de paro) pero, por outra parte este cambio de empresa pode enmascarar un descontento co traballo que teñan na actualidade.



**Figura 29. Porcentaxe de alumnos que traballan no momento da realización da enquisa, na empresa onde realizaron as prácticas ou atoparon o traballo a través dos contactos establecidos nelas.**



**Figura 30. Porcentaxe de alumnos que estaban buscando (outro) traballo no momento da realización da enquisa.**

Analizando o gráfico de sectores da Figura 31, dos que traballan, só un 31,25% ten un contrato indefinido, un 42,32% traballa cun contrato eventual, e o 9,79% segue con contrato en prácticas. Estes últimos tipos de contrato agrupan a máis dun 50% de alumnos que non teñen estabilidade no traballo que conseguiron. Esta alta porcentaxe garda certa relación con estudos de inserción laboral feitos dende a ACSUG.






Figura 31. Tipo de contrato dos que están titulados.



**Figura 32. Valoración da relación das prácticas co traballo actual.**


Aínda que a maioría dos alumnos que fixeron prácticas (e que hoxe están traballando) consideran que estas si gardan relación co seu traballo actual, como pode verse na Figura 32, sería recomendable loitar por incrementar esta porcentaxe, xa que non resulta un bo dato que un 28,36% manifeste que o traballo que teñen na actualidade non ten ningunha relación coas prácticas desenvolvidas. A valoración media das prácticas acada un 2,93 sobre 5, o que está en relación a estas porcentaxes.



**Figura 33. Importancia dos coñecementos adquiridos nas prácticas para o desenvolvemento do traballo actual.**

En xeral, a maioría dos alumnos que realizaron prácticas consideran importantes os coñecementos adquiridos neste período para o desenvolvemento do seu traballo actual, como se recolle no gráfico da Figura 33, aínda que non creen que estas prácticas tivesen unha grande importancia para acceder ao emprego (Figura 34). Este feito non é significativo se o que se busca coa práctica non é a inserción laboral e si o aporte formativo, de tódolos xeitos sería recomendable que estivese o máis relacionado posible.


A valoración media neste caso resulta superior a 3 (nunha escala de 1 a 5), tanto para a importancia dos coñecementos adquiridos nas prácticas como para a importancia que lle dan de cara conseguir traballo.



**Figura 34. Valoración da importancia das prácticas no acceso ao emprego.**

A maioría si dan unha gran importancia as prácticas de cara o acceso ao emprego (Figura 34). En global a puntuación media é superior a 3 (escala de 1 a 5). Aínda así, existe unha proporción importante que afirman que non ten ningunha importancia o ter feito as prácticas de cara ao acceso ao emprego (24,16%), o que pode resultar un dato preocupante se o que se pretende é que estas sexan unha forma para comezar a adquirir competencias profesionais, que debería de ser un dos obxectivos das prácticas nas empresas.

O 85,82% dos que están traballando manifestan estar dispostos a titorizar a estudantes en prácticas. Este dato podería ser de gran interese para que nun futuro se teña en conta o ofrecemento destas titorías a estes antigos estudantes, xa que coa súa experiencia de ter pasado por unha situación similar poderían resultar unha boa retroalimentación do proceso. Isto podería ser unha boa proposta para unha acción de mellora.



**Figura 35. Porcentaxe de alumnos que están cursando estudos.**

Con respecto a situación de titulados que están a cursar outros estudos (Figura 35), a maioría ou están a facer estudos de terceiro ciclo (20,17%) ou rematando os da titulación pola que accederon ás prácticas (17,85%). Ademais, a porcentaxe de titulados que preparan oposicións é dun 17,06%.




Figura 36. Valoración do grao de satisfacción co titor, a empresa e as prácticas

O grao de satisfacción cos titores, a empresa e as prácticas é bastante alto (menos dun 10% se amosa nada ou pouco satisfeito), como pode verse na Figura 36. Destas tres opcións analizadas (prácticas, empresa e titor), é co titor onde manifestan estar máis satisfeitos (máis da metade se declaran moi satisfeitos coa labor do seu titor).

A valoración media resulta superior a 4 (escala de 1 a 5), en todas as respostas dadas, tanto para o titor, a empresa ou as prácticas, o que volve a remarcar o alto grao de satisfacción amosado polos enquisados.

Como resume podería dicirse que as prácticas están a ser ben valoradas por quenes as realizaron. Dende a Universidade debe impulsarse este tipo de iniciativas, xa que permiten, normalmente, un primeiro contacto co mundo do traballo. Nalgúns casos nos que os alumnos en prácticas pasan a formar parte do cadro de persoal de traballadores da empresa onde fixeron as prácticas, estas constitúen unha verdadeira proba de selección, proporcionando unha oportunidade á empresa de evitar riscos do proceso de selección clásico baseado na análise do curriculum ou na entrevista persoal, xa que dispón dunha información moi valiosa e posibilitalle o aforro do período típico de adaptación. Ao futuro titulado proporciónalle un

engadido de experiencia laboral de cara a presentar no seu curriculum vitae, que pode marcar as diferenzas con aqueles competidores por un posto de traballo que non aportan experiencia previa. Por tanto, tanto dende a visión da empresa como dende o interese do estudante as prácticas tiñan que ser vistas como unha oportunidade

## 5. Resultados por titulacións

Seguindo o esquema exposto na sección anterior, para a análise global dos estudantes que realizaron prácticas a través do Consello Social durante 2005 e 2006, amosamos a continuación os resultados da análise detallada por titulacións, que permite apreciar as peculiaridades de cada unha delas.

### 5.1 DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS

A continuación recóllense os resultados referentes ás preguntas que permiten ter unha idea do tipo de prácticas que fan os alumnos da USC, atendendo a aspectos como o período do ano no que as fan, a súa duración, o tipo de empresa na que as levan a cabo ou a remuneración que perciben, entre outros.

#### 5.1.1 Duración e xornada





Figura 37. Mes de realización das prácticas, por titulacións e para a USC.

Os meses do terceiro trimestre do ano son os elixidos polos alumnos para a realización das prácticas, como se pode observar na Figura 37, se ben se presentan algunhas diferenzas por titulacións. Neste sentido, destaca a menor estacionalidade da titulación de Historia da Arte e en menor grao Filoloxía.




**Figura 38. Duración total media das prácticas en semanas, con intervalo de confianza ao 95%, por titulacións.**

A duración total (independentemente do número de períodos de prácticas) media das prácticas está arredor das 14 semanas para titulacións como Xornalismo, Veterinaria, Relacións Laborais e Administración e Dirección de Empresas. Presentan maior duración para Historia da Arte (entorno a 16 semanas) e menor para Enxeñería Química (entorno a 10 semanas). No caso de Filoloxía a duración recolle maior variabilidade.

## Impacto das prácticas en empresas na inserción laboral dos titulados na USC


Consello Social. Universidade de Santiago de Compostela

Grupo de Análise Estatística



**Figura 39. Créditos convalidados. Medias por titulacións e para a USC.**

En relación aos créditos convalidados coas prácticas, destaca significativamente Administración e Dirección de Empresas, cunha media de 11,52 créditos. É esta titulación, xunto a Relacións Laborais (9,74 créditos convalidados) as únicas que superan a media da USC. As titulacións nas que menos créditos se convalidaron son: Filoloxía, Xornalismo e Enxeñaría Química (Figura 39), con 5,96, 6,04 e 6,76 créditos respectivamente. O número de créditos convalidados pode estar a revelar a facilidade dalgunhas titulacións para conseguir prácticas adecuadas.



**Figura 40. Media de horas traballadas ao día, por titulacións e para a USC.**

No tocante á media de horas traballadas ao día (Figura 40), obsérvanse diferenzas salientables. Por exemplo, as titulacións de Veterinaria e Enxeñería Química traballaron un número medio de horas sensiblemente maior que o resto de titulacións, 6,78 e 6,58 respectivamente. A titulación de Historia da Arte é a titulación na que se traballou o menor número de horas por termo medio. Xunto a Filoloxía, Psicoloxía e Xornalismo, son as titulacións con promedio de horas traballadas inferior á media da USC. O resto de titulacións non presentan diferenzas significativas no número medio de horas diarias de traballo durante as prácticas.




Figura 41. Tipo de remuneración recibida, por titulacións e para a USC.

Outro dos aspectos estudados foi se os estudantes percibiron algunha remuneración pola realización das prácticas. As prácticas dos alumnos de Filoloxía foron remuneradas en máis dun 90% dos casos, seguidas de Xornalismo. Tan só dúas titulacións, Bioloxía e Historia da Arte, non superan a taxa media da USC, sen ter en conta Psicoloxía e Veterinaria, nas que ningún estudante obtivo remuneración pola realización das prácticas.

Segundo o tipo de remuneración recibida (Figura 41), a *remuneración mensual* foi a máis frecuente para os alumnos de Xornalismo (50%). Séguenlle as titulacións de Filoloxía e Administración e Dirección de Empresas, tamén superando a media da USC. As titulacións de Filoloxía destacan así mesmo pola súa maior porcentaxe de remuneracións en forma de transporte, dietas, etc.

Finalmente, resaltar as titulacións de Psicoloxía e Veterinaria, nas que as prácticas non son remuneradas de ningunha forma. As titulacións de Bioloxía e Historia da Arte tamén presentan unha moi baixa frecuencia relativa de remuneración.

# Impacto das prácticas en empresas na inserción laboral dos titulados na USC

Consello Social. Universidade de Santiago de Compostela

Grupo de Análise Estatística




Figura 42: Contía da remuneración mensual recibida, por titulacións e para a USC.




Figura 43: Contía da gratificación final recibida, por titulacións e para a USC.





Figura 44: Contía da axuda recibida, por titulacións e para a USC.

Preguntouse aos alumnos pola contía das remuneracións percibidas. No caso de ter percibido *remuneración mensual*, as contías fan referencia ao salario mensual percibido (Figura 42). As maiores diferenzas respecto aos resultados medios da USC aparecen en Historia da Arte, titulación na que non aparecen remuneracións deste tipo; Filoloxía, onde tódolos alumnos en prácticas percibiron entre 250 e 499 euros; e Xornalismo, onde a porcentaxe de alumnos en prácticas que perciben entre 250 e 499 euros chega ao 73,91% e aparece un pequeno grupo de alumnos que percibe entre 500 e 999 euros (4,35%).

No caso de ter recibido unha *gratificación final* (Figura 43), a contía fai referencia ao total percibido. As maiores diferenzas cos resultados globais atópanse en Bioloxía e Enxeñaría Química, onde o 100% dos alumnos *percibe menos de 250 euros*. Os alumnos de Xornalismo, por outro lado, perciben maiores remuneracións como gratificación final que a media da USC, todos perciben máis de 250 euros, e un 40% manifesta ter percibido entre 500 e 999 euros.

No caso no que os alumnos percibiran unha *axuda* (por exemplo, *transporte, dietas...*), a contía fai referencia a totalidade da axuda (Figura 44). A maioría dos alumnos perciben *menos de 250*

euros por este concepto, tan só nas titulacións de Enxeñería Química (40%: *entre 250 e 499 euros*) e Relacións Laborais (25%: *entre 500 e 999 euros*) supérase esta cifra.



**Figura 45: Contía media (€) por semana traballada, por tipo de remuneración. Resultados por titulacións.**

Tal e como se comentou para os resultados globais da USC, é posible facer unha aproximación á contía recibida por semana, segundo o tipo de remuneración. A Figura 45, recolle os valores medios para cada titulación. Como ocorre no global da USC, o tipo de prácticas mellor pagadas son as de remuneración mensual en todas as titulacións.

Os alumnos en prácticas de Filoloxía e Historia da Arte son os que máis cobran por semana traballada, cando a remuneración é mensual, superando os 87 €/semana. A diferenza máxima entre titulacións é de 14,5 €/semana, sendo Relacións Laborais a titulación con menor remuneración. No caso de percibir unha *gratificación final*, destacan Enxeñería Química e Filoloxía, que superan os 62 €/semana, moi por encima da media da USC (27,70 €/semana). Entre os alumnos que perciben *axuda* (por exemplo, *transporte, dietas...*) atópanse tamén grandes diferenzas, Filoloxía percibe 50 €/semana, fronte aos 12,50 €/semana de Historia da Arte.

## 5.1.2 Tipo de empresa

A maior parte das empresas e organizacións que acolleron aos alumnos en prácticas pertenceron ao sector privado en case todas as titulacións. Excepcións a este feito foron Bioloxía, Filoloxía, Historia da Arte e Psicoloxía nas que a presenza do sector público foi maior. En relación coas prácticas en organizacións sen ánimo de lucro tres titulacións superan a media da USC, Psicoloxía, que multiplica por catro a taxa da USC, seguida de Historia da Arte e Xornalismo (Figura 46).




Figura 46. Sector no que realizaron as prácticas, por titulacións e para a USC.





Figura 47. Número de empregados da empresa na que realizaron as prácticas, dentro do sector privado, por titulacións e para a USC.

Segundo o número de empregados, as titulacións máis centradas en pequenas empresas foron Administración e Dirección de Empresas, Historia da Arte, Relacións Laborais e Veterinaria. Pola contra, Enxeñaría Química destaca por unha altísima presenza en organizacións de maior tamaño, 48,89% en empresas de máis de 200 empregados (Figura 47).

### 5.1.3 Outros aspectos

Veterinaria é a titulación con maior presenza de prácticas de adxudicación directa con máis do 95% das prácticas (Figura 48). Outras titulacións que superan a porcentaxe global da USC (64,18%) son, por esta orde, Relacións Laborais, Bioloxía e Xornalismo. Pola contra, Psicoloxía é a titulación con menor frecuencia deste tipo de prácticas (48%).



**Figura 48. Porcentaxe de prácticas de adjudicación directa, por titulacións e para a USC.**

En todas as titulacións o encargado de supervisar e ensinar ao alumno en prácticas foi maioritariamente o titor. Con todo, mentres este feito produciuse en máis do 70% dos casos nas titulacións de Veterinaria, Historia da Arte, Enxeñería Química e Psicoloxía, no caso de Relacións Laborais, só superou lixeiramente o 50% (Figura 49).

Para o resto dos alumnos, este labor de supervisión estivo compartida con outros titores (excepto en Filoloxía e practicamente en Veterinaria), ou cos compañeiros de traballo, ou ben foi realizada exclusivamente por estes últimos (máis en Filoloxía e Relacións Laborais).




Figura 49. Labor de titorización da empresa, por titulacións e para a USC.

A porcentaxe de alumnos non supervisados ou dirixidos non superou o 5% en ningunha titulación. En Veterinaria, Xornalismo e Filoloxía non houbo ningún caso de prácticas non supervisadas.




Figura 50. Estudos do titor na empresa, por titulacións e para a USC.

O titor ou titores efectivos do alumno en prácticas tiña estudos universitarios superiores na maior parte das titulacións, aínda que con diferenzas. Mentres en Veterinaria, Psicoloxía e Bioloxía, esta situación dábase máis do 90% das veces, en Relacións Laborais tan só ocorre nun 63,08% das prácticas, e en Administración e Dirección de Empresas nun 65,79% (Figura 50).

Os estudos universitarios medios foron o seguinte nivel de estudos máis frecuente do titor efectivo. En Enxeñería Química, Filoloxía, Historia da Arte, Psicoloxía e Relacións Laborais aprécianse diferenzas cos seguintes niveis de estudos. No resto das titulacións este nivel era similar ao de formación profesional/bacharelato.

Tan só en Enxeñería Química rexistrouse algún caso de titores na empresa sen estudos.

# Impacto das prácticas en empresas na inserción laboral dos titulados na USC

Consello Social. Universidade de Santiago de Compostela

Grupo de Análise Estatística




Figura 51. Departamento no que realizaron as prácticas, por titulacións e para a USC.

En canto ás áreas e departamentos nos que se realizaron as prácticas, os resultados responden ao que podería esperarse das diferentes titulacións (Figura 51):

- ~ Administración e Dirección de Empresas e Relacións Laborais centráronse nas áreas de *Contabilidade, financiamento, fiscal...; Recursos humanos; Documentación, arquivo e biblioteca* e *Producción, comercial, distribución, loxística...*(no caso de ADE).
- ~ Bioloxía e Enxeñería Química centráronse nas áreas de *Control de calidade, laboratorio e Innovación, investigación e desenvolvemento*.
- ~ Psicología e Veterinaria posúen unha importante porcentaxe de áreas moi específicas (recollidas en *outras*), aínda que a primeira presenta unha importante participación en *Recursos Humanos*.
- ~ Historia da Arte céntrase nas áreas de *Documentación, arquivo e biblioteca* así como Xornalismo, aínda que destaca a proporción desta última nas *Tecnoloxías da Información e Comunicación (TICs)*.

Cabe destacar a presenza da área de *Documentación, arquivo e biblioteca*, relevante en case todas as titulacións.

## 5.2 Valoración das prácticas e coñecementos adquiridos

Ao igual que na Sección 4.2, incluímos os resultados sobre a valoración que os estudantes fan a posteriori das prácticas realizadas, atendendo a diversos aspectos sobre a realización das mesmas e ás competencias potenciadas e coñecementos adquiridos. As valoracións que os enquisados fixeron sobre a utilidade das prácticas para a adquisición de competencias e coñecementos amósanse dende a Figura 52 ata a Figura 60, para as distintas titulacións. Neste senso, debemos destacar:

- ~ As titulacións que mellor valoran en xeral a utilidade das prácticas no fomento das competencias e coñecementos son Veterinaria, Xornalismo e Bioloxía, destacando todas elas a adquisición de *coñecementos prácticos*. O aspecto menos valorado é a *capacidade de planificación, coordinación e organización* (Veterinaria e Xornalismo) e a *capacidade de comunicación oral/escrita* (Bioloxía).
- ~ A titulación que peores valoracións dá aos distintos aspectos é Enxeñería Química.






Figura 52. En que medida as prácticas che axudaron a adquirir ou potenciar as seguintes competencias. Resultados para Administración e Dirección de Empresas.



**Figura 53. En que medida as prácticas che axudaron a adquirir ou potenciar as seguintes competencias. Resultados para Bioloxía.**



**Figura 54. En que medida as prácticas che axudaron a adquirir ou potenciar as seguintes competencias. Resultados para Enxeñería Química.**




Figura 55. En que medida as prácticas che axudaron a adquirir ou potenciar as seguintes competencias. Resultados para Filoloxía.






Figura 56. En que medida as prácticas che axudaron a adquirir ou potenciar as seguintes competencias. Resultados para Historia da Arte.



**Figura 57. En que medida as prácticas che axudaron a adquirir ou potenciar as seguintes competencias. Resultados para Psicología.**



**Figura 58. En que medida as prácticas che axudaron a adquirir ou potenciar as seguintes competencias. Resultados para Relacións Laborais.**




Figura 59. En que medida as prácticas che axudaron a adquirir ou potenciar as seguintes competencias. Resultados para Veterinaria.





Figura 60. En que medida as prácticas che axudaron a adquirir ou potenciar as seguintes competencias. Resultados para Xornalismo.

En canto aos aspectos que os alumnos creen que a empresa valorou durante as prácticas, destacan os seguintes feitos (Figura 61 a Figura 69):

- ~ Segundo os alumnos, a empresa valorou positivamente, son a *capacidade para as relacións*, a *capacidade de traballo* e os *coñecementos relacionados coa titulación*.
- ~ A valoración máis baixa é para os *coñecementos de idiomas*, que en ningún caso supera o 2,48 de Xornalismo, nunha escala de 1 (nada valorado) a 5 (moi valorado).
- ~ A valoración dos *coñecementos de informática* é máis irregular e depende da titulación. As valoracións máis positivas son para os alumnos de Administración e Dirección de Empresas, Filoloxía, Relacións Laborais e Xornalismo que superan o 3, nunha escala de 1 (nada valorado) a 5 (moi valorado).



**Figura 61. En que medida valorou a empresa os seguintes aspectos. Resultados para Administración e Dirección de Empresas.**




Figura 62. En que medida valorou a empresa os seguintes aspectos. Resultados para Bioloxía.




Figura 63. En que medida valorou a empresa os seguintes aspectos. Resultados para Enxeñería Química.

## Impacto das prácticas en empresas na inserción laboral dos titulados na USC

Consello Social. Universidade de Santiago de Compostela

Grupo de Análise Estatística




Figura 64. En que medida valorou a empresa os seguintes aspectos. Resultados para Filoloxía.<sup>2</sup>




Figura 65. En que medida valorou a empresa os seguintes aspectos. Resultados para Historia da Arte.

<sup>2</sup> Para o caso das Filoloxías, non se pediu a valoración dos coñecementos de idiomas.




Figura 66. En que medida valorou a empresa os seguintes aspectos. Resultados para **Psicología**.




Figura 67. En que medida valorou a empresa os seguintes aspectos. Resultados para **Relacións Laborais**.

## Impacto das prácticas en empresas na inserción laboral dos titulados na USC

Consello Social. Universidade de Santiago de Compostela

Grupo de Análise Estatística




Figura 68. En que medida valorou a empresa os seguintes aspectos. Resultados para Veterinaria.




Figura 69. En que medida valorou a empresa os seguintes aspectos. Resultados para Xornalismo

Da análise comparativa da valoración de diferentes aspectos sobre a realización das prácticas, destacan os seguintes resultados (Figura 70 a Figura 78):

- ~ As titulacións de Veterinaria e Xornalismo, e a maior distancia, Psicoloxía e Bioloxía, destacan polo valor que as prácticas aportan á carreira profesional dos estudantes. No outro extremo, aínda que sempre aprobando por este concepto, atópase a titulación de Enxeñería Química.
- ~ Os alumnos en prácticas de Veterinaria son os que máis valoran a formación recibida da empresa. No caso oposto, atópase Enxeñería Química, aínda considerando adecuada a devandita formación.
- ~ Os máis integrados na empresa desde o punto de vista humano foron os estudantes de Veterinaria, Xornalismo e Bioloxía. Os que menos, pero sempre valorando positivamente este aspecto, os de Filoloxía.
- ~ A valoración baixa lixeiramente no que se refire a integración profesional, aínda que destacan positivamente este aspecto os alumnos de Veterinaria e Xornalismo, e polo seu menor entusiasmo, Enxeñería Química, Filoloxía e Historia da Arte.
- ~ En xeral, a valoración tamén baixa lixeiramente en relación coa percepción da importancia para a empresa do traballo realizado. Os alumnos de Xornalismo percibiron que o seu traballo era máis importante para a empresa que os das demais titulacións. No lado contrario, destacan especialmente os alumnos de Enxeñería Química, cuxa percepción, sendo positiva, é moito menos favorable.
- ~ O lugar de traballo e o material foron considerados bastante adecuados en todas as titulacións, destacando de novo Veterinaria como a máis satisfeita.
- ~ En canto ao grao de definición das responsabilidades, funcións e tarefas, a opinión é máis heteroxénea, sendo menos satisfactorio para Enxeñería Química e máis para Veterinaria.
- ~ A coherencia das prácticas coa titulación tamén é aprobada polos alumnos de todas as titulacións, destacando Veterinaria e Xornalismo como as titulacións máis satisfeitas, e de novo Enxeñería Química, como a menos.
- ~ En xeral, a valoración da suficiencia da información e orientación sobre as prácticas é inferior á da maioría dos aspectos avaliados, aínda que os alumnos de Veterinaria manteñen unha valoración máis alta que os demais.

## Impacto das prácticas en empresas na inserción laboral dos titulados na USC


Consello Social. Universidade de Santiago de Compostela

Grupo de Análise Estatística


---

Unha visión conxunta dos aspectos anteriores para cada unha das titulacións confirma a maior satisfacción xeral dos alumnos de Veterinaria e Xornalismo, e unha menor satisfacción dos alumnos de Enxeñería Química.

Á marxe destes matices diferenciais, debe destacarse que, en todo caso, as valoracións medias resultaron positivas para todos os aspectos e todas as titulacións.



**Figura 70. Valoración dalgúns aspectos sobre a realización das prácticas. Resultados para Administración e Dirección de Empresas.**




**Figura 71. Valoración dalgúns aspectos sobre a realización das prácticas. Resultados para Bioloxía.**


## Impacto das prácticas en empresas na inserción laboral dos titulados na USC

Consello Social. Universidade de Santiago de Compostela

Grupo de Análise Estatística



**Figura 72. Valoración dalgúns aspectos sobre a realización das prácticas. Resultados para Enxeñería Química.**



**Figura 73. Valoración dalgúns aspectos sobre a realización das prácticas. Resultados para Filoloxía.**




Figura 74. Valoración dalgúns aspectos sobre a realización das prácticas. Resultados para Historia da Arte.




Figura 75. Valoración dalgúns aspectos sobre a realización das prácticas. Resultados para Psicología.

## Impacto das prácticas en empresas na inserción laboral dos titulados na USC

Consello Social. Universidade de Santiago de Compostela

Grupo de Análise Estatística




**Figura 76. Valoración dalgúns aspectos sobre a realización das prácticas. Resultados para Relacións Laborais.**



**Figura 77. Valoración dalgúns aspectos sobre a realización das prácticas. Resultados para Veterinaria.**




**Figura 78. Valoración dalgúns aspectos sobre a realización das prácticas. Resultados para Xornalismo.**



**Figura 79: Valoración media de distintos aspectos das prácticas realizadas. Resultados por titulacións. Escala de 1 (nada) a 5 (moito).**

A valoración media das diferentes titulacións en relación cos aspectos anteriores, comparándoa coa valoración xeral das prácticas aportada polos alumnos, resúmese na Figura 79:

- ~ A valoración do perfil do alumno por parte da empresa, segundo é percibida polo alumno, é inferior en xeral ao resto das valoracións.
- ~ As titulacións de Enxeñaría Química e Historia da Arte, aínda aprobándoas claramente, son as que menos valoran as prácticas. As que máis, Veterinaria, Xornalismo e Bioloxía.



**Figura 80: Valoración media do grao de satisfacción co titor, a empresa e as prácticas. Resultados por titulacións. Escala de 1 (nada) a 5 (moito).**

En relación co titor é de destacar a alta valoración dos alumnos de Veterinaria e Bioloxía. Por outra banda, a valoración da empresa é tamén alta en Veterinaria e menor nas titulacións de Historia da Arte, Enxeñería Química e Filoloxía (véxase a Figura 80).

### 5.3 Tráballo despois das prácticas





Figura 81: Interese en conseguir un traballo ao realizar as prácticas. Resultados por titulacións.

O facer o estudo por titulacións obsérvanse grandes diferenzas no interese en conseguir un emprego entre as distintas titulacións analizadas, como se amosa na Figura 81. Así, en Relacións Laborais (56,06%) e Psicoloxía (45,45%) é onde se presentan unha maior proporción de alumnos en prácticas que si tiñan interese por traballar na empresa. Pola contra, os alumnos de Enxeñería Química (17,8%) son os que menor interese amosan por conseguir traballo nas empresas onde realizaron as súas prácticas. Este feito pode agochar o problema de que os traballos propostos no período de prácticas non sexan propiamente tarefas de interese prioritario para o empregador; ou ben que só se cubran mediante este tipo de ofertas a estudantes, o que podería xustificar o resultado, un tanto contradictorio, de que o estudante non manifestara o seu interese por integrarse na empresa/institución que o acollía no período de prácticas. É tamén destacable a alta porcentaxe de alumnos que din non ter interese en conseguir traballo na empresa na que están a facer as prácticas, destaca os da titulación de Enxeñería Química (66,67%) e os da titulación de Administración e Dirección de Empresas

(63,29%). En todo caso, é preciso destacar a relativamente alta porcentaxe de alumnos (maior que o 10%) en case todas as titulacións (excepto Administración e Dirección de Empresas) que tiñan interese en conseguir traballo e non o manifestaron á empresa.



**Figura 82: Porcentaxe de alumnos aos que a empresa lle ofreceu un posto de traballo ao rematar as prácticas. Porcentaxe de enquisados que aceptaron o traballo. Resultados por titulacións**

Na maioría das titulacións, como se observa na Figura 82, a empresa ofreceu postos de traballo aos alumnos en prácticas tralo remate das mesmas. As titulacións que maior oferta tiveron foron Xornalismo, Relacións Laborais, Veterinaria e Administración e Dirección de Empresas, todas elas por enriba do 30%. Estes datos por titulacións veñen, unha vez máis, a marcar diferenzas entre as distintas titulacións menos vinculadas coas empresas de cara a que os seus egresados se incorporen o mundo laboral. Por outra banda, a maior diferenza entre ofertas e aceptacións prodúcese en Administración e Dirección de Empresas, seguida de Filoloxía.

Experiencias doutros países, onde si se valora moi positivamente que os equipos sexan o máis interdisciplinares posibles, deberían ser tidas en conta de cara a ampliar o abano de saídas de certos profesionais. Por mencionar un exemplo, relacionado coa titulación de Filoloxía, é de gran interese observar experiencias destes alumnos noutras actividades diferentes ás consideradas como saídas “clásicas” dun filólogo. Así podería mencionarse a incorporación de filólogos feita por equipos de investigación policiais.

Sobre a aceptación do traballo ofertado por titulacións atópanse diferenzas salientables, como pode verse na Figura 82. O caso máis destacable é o dos da titulación de Filoloxía que non aceptaron ningún traballo ofertado despois das prácticas, seguidos con diferenzas nas porcentaxes polos de Enxeñería Química (40% das ofertas) e Administración e Dirección de Empresas (47,83%). O resto dos alumnos en prácticas aceptaron maioritariamente o traballo ofertado, destacando os de Xornalismo (83%) e os de Relacións Laborais (82%).




Figura 83. Motivos para rexeitar o traballo.

Cando se estudan os motivos para rexeitar os traballo ofertados pola empresa unha vez finalizada as prácticas, as diferenzas entre as titulacións estudadas (Figura 83) resultan evidentes. Por exemplo, os alumnos de Historia da Arte (50%) e Xornalismo (66,67%) rexeitaron o traballo ofertado pola empresa por mor do baixo salario. No caso de Bioloxía, a totalidade dos alumnos rexeitaron o traballo ofertado para rematar os estudos. Este tamén foi un dos motivos principais para outras titulacións coma Xornalismo (66,87%), Enxeñería Química (66,67%), Administración e Dirección de Empresas (50%), Filoloxía (50%) ou Psicoloxía (50%). Estes datos poden axudar a unha planificación máis axeitada das prácticas no tempo, facilitaríase a incorporación á empresa se estas se propuxeran cando o estudante está xa preto do remate dos estudos.





Figura 84: Motivos para non ofrecer traballo. Resultados por titulacións.


En canto ás razóns percibidas polos alumnos para que a empresa non lles ofrecese un posto de traballo, destaca (Figura 84):

- ~ Que a empresa non tivese intención de crear o posto de traballo ocupado polo alumno. Esta razón é maioritaria en case todas as titulacións, e especialmente en Psicoloxía.
- ~ O feito de que as prácticas cubrisen unha necesidade temporal supera o 20% dos casos en Xornalismo e Relacións Laborais.
- ~ O non estar titulado no momento de realización das prácticas, é tamén relevante en Enxeñería Química e en Veterinaria.

Os alumnos de Psicoloxía, Veterinaria e Bioloxía son os que máis recorren á empresa na que realizaron as prácticas para intentar conseguir traballo (máis da cuarta parte). Entre os titulados de Enxeñería Química e Administración e Dirección de Empresas, tan só un de cada dez, aproximadamente, contacta coa empresa na que fixo as prácticas (Figura 85).




**Figura 85: Porcentaxe de titulados que volven contactar coa empresa para conseguir un traballo. Resultados por titulacións.**



**Figura 86. Recomendarías aos estudantes da túa titulación que realizasen prácticas en empresas.**

A maioría si recomendarían a outros estudantes a realización de prácticas externas durante os estudos (Figura 86). Esta alta porcentaxe deixa claro que os alumnos si que ven positiva a realización das prácticas como labor formativa, independentemente da titulación analizada, sorprendendo a resposta totalmente positiva no caso de Biología, Veterinaria ou Xornalismo, no que a totalidade dos alumnos que realizaron prácticas contestan afirmativamente, sendo menos alta esta porcentaxe no caso de Historia da Arte (88,89%) ou Filoloxía (91,67%). Esta pequena discrepancia de resposta por titulacións pode explicarse coa dada cando se lles pregunta polos motivos para rexeitar o traballo.



**Figura 87. Situación laboral actual. Resultados por titulacións e para a USC.**

Entre os que traballan (no momento da realización da enquisa), destacan os alumnos de Xornalismo, con máis dun 80%, seguidos dos alumnos en Veterinaria. No lado contrario, destacan os alumnos en Bioloxía e Psicoloxía con pouco máis do 40% de persoas traballando (Figura 87). O caso máis baixo de resposta positiva dos alumnos de Enxeñería Química (70,83%). Este feito pode estar relacionado con que aínda non tiñan rematada a súa titulación, esta enxeñería require de proxecto de fin de carreira que, nalgúns casos, pode retrasar o remate dos estudos, é frecuente que o alumno o vexa como unha materia desligada e o pospoña.

En Xornalismo e despois en Bioloxía, é máis frecuente que os que traballan o fagan na empresa na que realizaron as prácticas aínda que esta frecuencia non alcanza o 30% dos casos. As titulacións de Filoloxía e Enxeñería Química son as que presentan menores porcentaxes a este respecto. Nos estudos realizados aos titulados sobre a inserción laboral (REFERENCIA), obsérvase que os contactos persoais son unha vía importante para acceder ao emprego.

A empresa de prácticas é unha maior fonte de contactos para o emprego en Relacións Laborais e Veterinaria, e menos en Historia da Arte e Bioloxía (Figura 87).

As titulacións nas que actualmente existe unha maior actividade de procura de emprego (para conseguilo ou cambialo) son por esta orde: Historia da Arte, Administración e Dirección de Empresas, Psicoloxía e Bioloxía, todas elas con máis do 40% dos alumnos buscando emprego (Figura 87).

Analizando o tipo de contrato que teñen neste momento os enquisados que están traballando, destacan os seguintes feitos (Figura 88):

- ~ As titulacións de Administración e Dirección de Empresas e de Relacións Laborais son as máis exitosas en termos de *contratos indefinidos*, superando ambas o 40% dos contratos. No lado oposto atópanse os alumnos en Xornalismo, cun 10% de *contratos indefinidos* e Filoloxía, cun 15%.
- ~ Os alumnos de Xornalismo e os de Enxeñería Química son os que máis frecuentemente traballan baixo a denominación *en prácticas*, sendo en Bioloxía onde menos se utiliza esta fórmula.
- ~ O maior índice de bolseiros atópase en Bioloxía e tamén en Xornalismo e Enxeñería Química.
- ~ A titulación de Filoloxía, quizais por presentar unha maior dificultade para a súa inserción laboral, é a de maior proporción de *traballo por conta propia*, con máis dun 25%. Séguelle Veterinaria cun 13%. No senso contrario, destaca Enxeñería Química que practicamente non presenta traballo por conta propia.

## Impacto das prácticas en empresas na inserción laboral dos titulados na USC

Consello Social. Universidade de Santiago de Compostela

Grupo de Análise Estatística






Figura 88: Tipo de contrato. Resultados por titulacións e para a USC.



**Figura 89: Valoración da relación das prácticas co traballo actual. Resultados por titulacións e para a USC. Escala de 1 (nada) a 5 (moito).**

Preguntados sobre a súa valoración sobre a relación entre o traballo realizado na fase de prácticas e o traballo que realizan actualmente (Figura 89), os alumnos de Xornalismo e Veterinaria son os que máis relación detectan. Séguenlles os alumnos de Psicoloxía e Administración e Dirección de Empresas. As titulacións nas que esta relación considérase menor son Historia da Arte, Filoloxía e Enxeñaría Química.



**Figura 90. Utilidade das prácticas para o traballo actual. Escala de 1 (nada) ata 5 (moito). Resultados por titulacións e para USC.**

En canto á utilidade das prácticas no traballo actual, tanto no acceso ao emprego como polos coñecementos adquiridos, (Figura 90), destacan Xornalismo e Veterinaria como as titulacións que máis valoran dita utilidade.

As titulacións de Bioloxía, Enxeñería Química e Xornalismo consideran menos importantes os coñecementos adquiridos nas prácticas que a influencia destas na consecución do emprego.

## ANEXO: Cuestionario

Achegamos o cuestionario utilizado para a realización desta enquisa.

1. Sexo:
2. Data de nacemento: \_\_\_\_\_
3. Titulación: \_\_\_\_\_.
4. Número de prácticas.
5. Ano das prácticas: \_\_\_\_\_
6. Ano de entrada na titulación: \_\_\_\_\_
7. Data do depósito do título: Mes/Ano ou Non estou titulado.
8. En que mes ou meses realizaches as prácticas?
9. Cal foi a duración aproximada das prácticas en semanas? \_\_\_\_\_ semanas.
10. Cantos créditos convalidaches coas prácticas? \_\_\_\_\_ créditos.
11. O horario das prácticas coincidía co que che dixeron cando chas concederon?
12. Cantas horas ao día traballabas? \_\_\_\_\_ horas diarias.
13. Recibiches algún tipo de remuneración, gratificación ou axuda polas prácticas?

Remuneración mensual
Gratificación final
Axuda (p.e. transporte, dietas...)
Non recibín

14. En caso afirmativo, a canto ascendeu a remuneración, gratificación ou axuda?

Menos de 250 euros
Entre 250 e 499 euros
Entre 500 e 999 euros
1000 euros ou máis

15. As prácticas, facilitáronche o acceso á información sobre a problemática laboral e profesional da titulación? (Valoración de 1 a 5).

16. En que tipo de empresas fixeches as prácticas?

Administración local (concello)
Administración provincial (diputación)
Xunta de Galicia
Administración do Estado
Universidade
Empresa pública (autonómica ou estatal)
Empresa privada
Organización sen ánimo de lucro

17. Cantos empregados tiña a empresa?

De 1 a 9
De 10 a 49
De 50 a 99
De 100 a 149
De 150 a 199
De 200 a 249
250 ou máis

18. Cantos empregados tiña a empresa no teu centro (ou departamento) de traballo?

19. As prácticas foron de adxudicación directa? (buscaches persoalmente a empresa onde fixeches as prácticas?)

20. Sobre a titorización na empresa, quen se encargaba de supervisar o teu traballo e de ensinarche?

O meu titor.
Tiven varios titores
Os meus compañeiros.
O titor e os compañeiros.
Ninguén.

21. A persoa ou persoas que se encargaban de supervisar o teu traballo, que nivel de estudos posuían?

Universitarios superiores
Universitarios medios
Formación profesional/bacharelato
Non tiña estudos

22. Indica en cales das seguintes áreas desenvolves o teu traballo durante as prácticas:

Produción, comercial, distribución, loxística...
Marketing
Contabilidade, financiamento, fiscal...
Control de calidade, laboratorio
Documentación, arquivo e biblioteca
Recursos humanos
Innovación, investigación e desenvolvemento
Tecnoloxías da Información e Comunicación (TICs)
Outras

23. Valora de 1 a 5 os seguintes aspectos sobre a realización das prácticas:

A información e orientación que recibín sobre as prácticas, antes de comezalas, foi suficiente.
As prácticas foron coherentes co perfil da miña titulación.
As miñas responsabilidades/funcións/tarefas estaban definidas.
O material do que dispuxen era o adecuado.
O lugar de traballo era adecuado.
O traballo que eu realizaba era importante para a empresa.
Estaba integrado na empresa, dende un punto de vista profesional.
Estaba integrado na empresa dende un punto de vista humano.
A formación recibida por parte da empresa (mediante sesións de formación ou a través dos compañeiros) foi adecuada.
O traballo realizado durante o período de prácticas aportou valor á miña carreira profesional.

24. En que medida cres que a empresa valorou os seguintes aspectos do teu perfil? Valora de 1 a 5.

Os meus coñecementos relacionados coa titulación
Os meus coñecementos de informática
Os meus coñecementos de idiomas (excepto a Filoloxía)
A miña capacidade de traballo
A miña capacidade para as relacións

25. Valora de 1 a 5 en que medida che axudaron as prácticas a **adquirir ou potenciar** as seguintes competencias.

Coñecementos prácticos
Capacidade de aprendizaxe
Capacidade de comunicación oral/escrita
Capacidade para as relacións
Capacidade de traballo en equipo
Capacidade de planificación, coordinación e organización
Adaptabilidade

26. Durante as prácticas ou ao finalizar estas, manifestaches á empresa o teu interese en conseguir un traballo?

Tiña interese en conseguir traballo, e así llo manifestei á empresa.
Tiña interese en conseguir un traballo, pero non llo manifestei á empresa.
Non tiña interese en conseguir un traballo.

27. Unha vez finalizadas as prácticas, a empresa ofreceche un posto de traballo?

28. Aceptaches ese traballo?

29. Se rexeitaches o traballo que che ofreceron despois das prácticas, cales foron os motivos?

Tiña que rematar os estudos
O traballo non era atractivo
O salario non era adecuado
O ambiente de traballo non era bo
O posto requiría unha cualificación inferior ao título

30. Se a empresa non che ofreceu un posto de traballo despois das prácticas, a que cres que se debeu?

Non estaba titulado
As prácticas cubrían unha “necesidade temporal”
A empresa non tiña intención de “crear” o posto que eu ocupaba
Non lles satisfacía o meu traballo

31. Unha vez titulado, intentaches poñerte en contacto coa empresa onde realizaches prácticas para conseguir un traballo? (enviando o CV, falando cos compañeiros,...)

32. Recomendarías aos estudantes da túa titulación que realizasen prácticas en empresas?

33. Estás traballando neste momento?

34. Neste momento, estás buscando (outro) traballo?

35. Traballas na mesma empresa na que fixeches as prácticas?

36. Se non é na mesma empresa, conseguiches o traballo a través dos contactos establecidos durante as prácticas?

37. Que tipo de contrato tes?

Indefinido
Eventual
En prácticas
Bolsa
Traballo sen contrato
Traballo por conta propia
Outros

38. Valora de 1 a 5 a relación das prácticas co teu traballo actual:

39. Que importancia cres que teñen os coñecementos que adquiriches nas prácticas para o desenvolvemento do teu traballo actual? Valora de 1 a 5.

40. Que importancia cres que tiveron as prácticas no teu acceso ao emprego? Valora de 1 a 5.

41. Estarías disposto a titorizar a algún estudante en prácticas?

42. Estás a cursar algún tipo de estudos?

Estou rematando a titulación da que fixen prácticas.
Outra titulación
Master/posgrao propio
Doutoramento
Idiomas
Informática
Formación específica para o traballo
Outros

43. Estás a preparar oposicións?

44. Valoración de 1 a 5 o teu grao de satisfacción con:

O titor
A empresa
As prácticas

## Bibliografía

*Incorporación do titulado universitario ao mercado de traballo. Visión dende a empresa.*

Consello Social (2005). Universidade de Santiago de Compostela.

*Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2001-2003.*

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia. ACSUG (2006).

*A demanda da titulados por parte das pemes galegas.* Axencia para a Calidade do Sistema

Universitario de Galicia. ACSUG (2007).

*Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2003-2005.*

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia. ACSUG (2008).

## Grupo de traballo

GRUPO DE ANÁLISE ESTATÍSTICA

Pedro Faraldo Roca (Coordinador)

Verónica Carreira Figueiras

Rosa M. Crujeiras Casais

Belén M. Fernández de Castro

Carlos L. Iglesias Patiño

M. José Lombardía Cortiña

José M. Matías Fernández

Salvador Naya Fernández